



Xuventude

Nº 63 - Xullo 2015

onovas

Paisaxe de moda

Entrevista a Sheila Pazos, gañadora do Xuventude Crea de Moda coa colección 'Cu-cú'



Campamentos e campos de traballo sen fronteiras



Aproveita o verán ao máximo coa nova Guía



A Iniciativa Xove une mundos con lingua de signos e arte visual

XUNTA DE GALICIA



Así é como se aproveita o verán

● Xuventude desenvolve dezaioito campos de traballo en Galicia durante os meses de xullo e agosto

Os dezaioito campos de traballo que desenvolve a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado durante este verán están estas semanas a pleno rendemento. Nas súas diversas localizacións e en sucesivas quendas, a campaña de verán ofertou 700 prazas neste tipo de actividades. A maior parte, 465 en total, son nos propios campos de traballo en Galicia, pero tamén se promoveron 115 noutros lugares de España e 150 máis en 25 países de todo o mun-

do. Esta oferta medrou este ano un 19 % con respecto ao pasado.

A nova directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou nos últimos días boa parte dos campos. As tarefas que se acomen neles dan unha boa idea da diversidade da programación, na que por certo non todo é traballo, senón

que se complementan con múltiples actividades lúdicas, festivas e de aprendizaxe, case sempre vinculadas ao patrimonio e ás tradicións das súas zonas.



En Padrón, en plena tarefa de sinalización do Camiño

Por exemplo, en Rois (A Coruña) prosegue na primeira metade de agosto o campo de intervención arqueolóxica no castro de Socastro, con escavación, prácticas de limpeza, siglado e debuxo arqueolóxico. Preto de alí, en Padrón, efectúan labores de dinamización e conserva-



Intervención na Casa da Neveira, en Xermade

ción do Camiño de Santiago, que inclúen a limpeza do tramo do río Sar e xornadas de recoñece-

mento e sinalización dos posibles erros do itinerario de peregrinos.

Tamén en Boqueixón se dinamiza o Camiño, neste caso tomando como fundamento **'Dragal: a fraternidade do dragón'**, un proxecto transmedia da escritora Elena Gallego que o

converte nun dos campos de traballo máis orixinais.

Sen saír da Coruña, na Laracha recuperan o roteiro e o muíño do río no Bradoso e no Acheiro. E en Xermade (Lugo), destaca o campo da **Casa da Neveira**, tamén centrado na arqueoloxía e con vistas a unha eventual recuperación futura. Son estes dous bos casos de intervención no patrimonio natural e histórico galego, que os participantes teñen así a ocasión de coñecer.



Visita da directora xeral ao campo de traballo da Laracha



Os campamentos con máis implicación




O complexo das Mariñas (Bergondo) acolle máis de 1.300 mozos e mozas durante este verán

dicas, os participantes efectúan outras nas que cobran máis protagonismo as tarefas de voluntariado e de interacción social.

A educación ambiental é unha das temáticas máis destacadas nas quendas 'IMPLICA-T', mediante labores que permiten coñecer o medio e, á vez, distintos métodos para recuperalo, coidalo e conservalo. Na mesma liña, tamén se intervén na preservación do

As quendas 'IMPLICA-T', a principal novidade deste ano nos **campamentos de verán** da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, están colleitando un grande éxito. Na súa elevada participación ten moito que ver o feito de ser unha programación especial con actividades de educación non formal e voluntariado, de especial interese para os mozos e mozas de entre catorce e dezasete anos.

A intención destas quendas é darlles un enfoque diferente ás actividades estivais, con propostas que



O campamento 'Aventura no Camiño', en Portomarín, conta con 250 participantes en sucesivas quendas

se involucran na contorna máis próxima das instalacións xuvenís. Deste xeito, ademais das actividades lú-

patrimonio histórico vinculado ao Camiño de Santiago e noutros espazos de interese público.

A campaña estival crea máis de 900 empregos

A campaña de campamentos de verán de Xuventude fai que as empresas de ocio e tempo libre galegas poidan dar traballo a máis de 900 monitores e directores

Mais non é, por suposto, o único beneficio dos campamentos, que posibilitan o incremento das habilidades sociais para os máis novos e ofrecen un recurso de conci-



Os campamentos xuvenís precisan numerosos monitores e directores especializados no tempo de ocio

de campamentos. Na súa maioría son xente nova, cun considerable grao de especialización técnica no eido da xestión do ocio educativo e do tempo libre.

liación laboral e familiar. E todo, nunhas instalacións por toda Galicia que a Xunta mellorou cun investimento de máis de 700.000 euros desde 2013 ata 2015.



Todas as Galicias do mundo conectadas a través dos máis novos

- O programa 'Conecta con Galicia' ofertou unhas 200 prazas para descendentes de galegos emigrados

Os mozos e mozas son os principais protagonistas do programa '**Conecta con Galicia**', ideado para que os descendentes de emigrantes galegos poidan coñecer a terra das súas raíces familiares, que en moitos casos senten como propia ao mesmo nivel, ou incluso maior, que os países onde naceron.

Durante estas semanas, unhas 200 persoas, cunha idade máxima de trinta anos, veñen a Galicia con este programa, organizado pola Secretaría Xeral de Emigración da Xunta, co apoio da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

O interese nesta iniciativa é tal que este ano se incrementou un 5 % o número de prazas. Para moitos dos participantes, supón o primeiro contacto coa terra dos seus devanceiros e mesmo coa parte da familia que ficou na chamada Galicia territorial cando a outra tivo que marchar para a diáspora.



Grupo no que se integraron participantes de 'Conecta con Galicia', en Ourense

Durante a súa estadía, teñen a oportunidade de participar en actividades ao aire libre ou en campos de traballo xuvenís. No primeiro caso, dispoñen dun total de 160

prazas, distribuídas en grupos de 14 a 17 anos e de 18 a 20 anos, nas quendas de doce días en campamentos xuvenís que comparten con compañeiros nados en Ga-

licia en residencias e albergues. Primeiro pasan polas residencias Lug II de Lugo e o Florentino López Cuevillas de Ourense, desde onde coñecen a riqueza cultural e

patrimonial da zona e percorren o Camiño ata Santiago. Despois trasládanse ao albergue de Gandarío (A Coruña) para realizar actividades de náutica de lecer e de coñecemento do medio mariño.

Os participantes nos campos de traballo teñen entre 20 e 30 anos. Con este tipo de actividade, ademais de colaborar de maneira voluntaria nas diversas tarefas programadas, poden coñecer mellor a cultura galega e axudar a mellorar a contorna natural e o patrimonio histórico e arquitectónico.

Escolas abertas

Tamén con participación maioritaria de mozos e mozas residentes no exterior, outro programa, denominado 'Escolas abertas', facilita a formación especializada en diversas áreas. O propósito é que despois divulguen os coñecementos adquiridos nas súas áreas de residencia habitual.



Unha Iniciativa Xove que tomba o medo e xera comunicación

● Obradoiro de comunicación audiovisual e linguaxe de signos

O grupo informal '**Bota un Ollo**', da Coruña, desenvolveu un proxecto que combinou as artes audiovisuais e a lingua de signos para derrubar as dificultades de comunicación entre as persoas oíntes e as persoas xor-

A organización asumiu como un reto xerar tal espazo de encontro. E pode darse por superado. Tal como indica unha das responsables, o método non podía ser "unha cuestión puramente técnica, de coller uns

tar unha situación incómoda", explican desde 'Bota un Ollo'.

Actitude. É unha palabra que repiten constantemente neste grupo informal. "Con actitude faise todo". E con ela venceron as sensacións de illamento, de descoñecemento mutuo entre un e outro colectivo: "non é algo que ensinen na escola", constatan.

Unha das participantes nas actividades ratifica o resultado satisfactorio: "daba igual se eras oínte ou non, como se vestises dunha maneira ou doutra; foi moi positivo porque a integración foi real, sen facer grupos pechados e tendo sempre en conta a importancia de aprender".

Non obstante, unha das encargadas das actividades recea de que se fale de "integración": "non me gusta moito a palabra -manifesta- porque non están *desintegrados*, somos nós os que debemos entrar no seu mundo". Claro que iso implica tamén aspectos prácticos: "o audiovisual neste caso é só visual, houbo que adaptar unha serie de códigos", precisa un dos técnicos dos obradoiros.

Nunca é doado afirmar con rotundidade que as barreiras desaparece-

bOta
un ollo



iniciativa xove



das. Co apoio do programa Iniciativa Xove, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, efectuaron unha serie de obradoiros co propósito de "abrir canles de comunicación" e "integrar estes dous mundos".

intérpretes de lingua de signos. Era ante todo unha cuestión de actitudes, de estarmos dispostos a perder o medo". O medo a que? Pois "o medo ou vergoña a non poder comunicarse, o que polo tanto leva a evi-

ron, pero en todo caso si que quedaron debilitadas con este encontro, para o que escolleron un lugar significativo: a localidade leonesa de Balboa. Segundo explican, o escenario potenciou o desenvolvemento da actividade. A razón sería que alí conflúen as culturas galega, leonesa e asturiana, e nesa dinámica de fusión trataron de sumar tamén a cultura das persoas xordas, que "é unha cultura máis". E a localización influíu tamén no resultado das súas creacións, como as **stop motions** que utilizaron artisticamente moitos dos elementos da zona.



“A moda é arte, pero ao ter funcionalidade fai máis probable unha saída laboral”

● Entrevista a Sheila Pazos, gañadora do certame Xuventude Crea na categoría de moda

- Sheila Pazos, coa súa colección Cu-cú, é a gañadora da última edición do certame Xuventude Crea na modalidade de moda. Cal é o punto de partida para a colección que presentas?

- Tomei como referencia o xénero da paisaxe, que xeralmente se trata de maneira bidimensional, como é o caso da pintura, pero aquí trateino de maneira tridimensional e levado ao corpo.

Á parte, a referencia tamén é autobiográfica. Inspireime na paisaxe de Suíza. Eu son filla de emigrantes, nacín alí e vivín alí uns anos, o que fai que sexa outra das miñas referencias.

- En que se traduce esa inspiración suíza?

- É bastante figurativo, de maneira que nas pezas de roupa aparecen formas como montañas, outras que remiten a nubes, árbores... Iso nas formas da roupa. E nos sombreiros empreguei elementos de maquetería, de maneira que aparecen elementos como cervos, lagos, pontes...

- Tendo en conta esta creatividade artística, cres que é unha colección que se podería levar



Pazos inspirouse na paisaxe de Suíza para a colección Cu-cú

ao mercado? É posible romper con imaxinación o mercado da moda, que ás veces parece moi uniforme?

- Esta colección é bastante experimental, en xeral está máis pensada para un concurso e non para a rúa. Hai algunha camisa ou algunha

outra peza que ao mellor si se podería levar; outras está claro que non. Si que creo que se podería adaptar. É o que pasa na pasarela, onde se presenta algunha roupa un pouco extrema. Despois adáptase a un nivel máis comercial para poder levalo á industria.

- O mercado da moda necesita máis creatividade, máis orixinalidade ao estar moi encorsetado, ou pola contra xa aposta o suficiente pola imaxinación?

- Depende onde. Aquí en España ao mellor non se opta tanto pola creatividade, ao mellor porque a xente non é tan arriscada á hora de vestirse. Pero si creo que é un campo no que sería interesante. Ao mellor son máis extremos na pasarela en París ou sobre todo en Londres que en España. Aínda que tamén depende das cidades, aquí seguramente son máis arriscados en Madrid que en Galicia.

- Hai moito prexuízo sobre a moda, sería conveniente mudar a óptica?

- Pois si. Algunha xente si ten prexuízos. Por exemplo, moitos artistas non consideran que a moda sexa arte. Eu si creo que se debe considerar así; ao final é un campo que é creativo, e pódese traballar nel desde esa perspectiva. E despois algunha xente tende a levar unha roupa máis comercial e non se atrevería con algo máis creativo. Si, si que hai prexuízos.

- Ti desenvolves a túa activi-



dade en distintas disciplinas, tamén en artes plásticas, en videocreación... É na moda na que máis cómoda te atopas?

- Realmente síntome cómoda en todas, pero actualmente, polo menos no meu caso, é difícil vivir da arte ou da videocreación. Ao mellor, o feito de que a moda teña unha fun-

rior de Deseño e Moda de Galicia (ESDEMGA). Está ben organizada a formación nesa materia? Abre oportunidades?

- Eu estudei Belas Artes antes e eses estudos de moda impártense na mesma facultade, en Pontevedra. Nese sentido, creo que ESDEMGA si que está moi ben vinculado coa par-



cionalidade fai que vexa máis probable atopar aí unha saída laboral. Ao final, a arte é algo que non chega a tanta xente como a moda. Quizais non este tipo de moda, pero si que se podería adaptar. Creo que por iso atoparei aí futuro, porque é funcional e chega a máis xente.

- Formácheste na Escola Supe-

te creativa. Pode que non suceda así en todas as escolas, pero o que sae de aquí é máis experimental, máis artístico. Profesionalmente é útil. Bastantes compañeiros atopan traballo, cousa que por desgraza non pasa con tanta frecuencia cos compañeiros da carreira de Belas Artes. Hai que ter en conta que en Galicia



hai moitas empresas do téxtil.

- Non era a túa primeira participación en Xuventude Crea. Cres que son útiles este tipo de certames?

- Si; creo que si porque che permite tamén seguir apostando pola túa propia creatividade, investir ese diñeiro en facer ao mellor algunha peza máis ambiciosa que cos teus medios non poderías, e á parte tamén che dá un certo recoñecemento. Eu creo que son moi útiles. Hai algúns anos obtiven o primeiro premio de videocreación, o segundo de

artes plásticas... e o ano pasado o segundo de moda tamén.

- Había un bo nivel este ano na categoría de moda?

- Si. De todas maneiras, creo que o certame de moda tiña máis repercusión cando se facía con desfile e se chamaba 'Tesoira' e se emitía pola TVG, máis que nada polo feito de que as pezas de roupa son máis para ser levadas nunha pasarela que para unha exposición. Oxalá que a economía mellore e se poida volver a iso algún día.





Axudas para as novas cooperativas xuvenís

● O prazo para as solicitudes remata o luns 17 de agosto

Ata o 17 de agosto permanece aberto o prazo para solicitar as subvencións de apoio ao desenvolvemento de cooperativas xuvenís. Para acceder a esta **convocatoria**, as entidades terán que estar formadas maioritariamente por persoas socias traballadoras ou de traballo con entre 16 e 29 anos de idade.

A cooperativa non pode-

rá ter máis de dous anos de existencia, contados desde o momento en que se deu de alta ata a data tope de presentación de solicitudes.

As axudas servirán para financiar ata un 75 % do custo dos gastos correntes derivados do inicio da actividade, como o arrendamento e mantemento de locais, instalacións, maquinaria e elementos de transporte, as

materias primas, as embalaxes, os envases e outros aprovisionamentos para a produción, material publicitario, seguros, enerxía, material de oficina, consumibles informáticos ou vestiario laboral.

O importe máximo da subvención por parte da Consellería de Traballo e Benestar é de 15.000 euros por cooperativa beneficiaria.

Certame do Injuve para apoiar proxectos innovadores e viables

O Instituto de la Juventud (**Injuve**) admite ata o mércores 12 de agosto solicitudes para o seu **Certame Nacional de Mozos Emprendedores**.

Trátase dunha iniciativa que apoiará proxectos innovadores e viables de empresas xa constituídas, con

entre un e tres anos de antigüidade, sexan do sector económico que sexan.

Os dez primeiros proxectos seleccionados recibirán unha axuda económica de 25.000 euros cada un. A contía serviralles para consolidar o proxecto de empresa promovido en cada

iniciativa.

O propio Injuve precisa que, para efectos da convocatoria, entende por empresa tanto traballadores autónomos como empresas familiares ou sociedades colectivas e asociacións que exerzan unha actividade económica.

Queda aínda moito verán, e coa guía máis!



Se vas coller as túas vacacións nas vindeiras semanas, ou se xa as tes desde hai tempo e xa esgotaches todos os plans, ou se queres buscar un traballo nestas datas para que despois o curso sexa máis levadeiro... o que tes que facer é consultar a **Guía de Verán 2015**, que publicou hai unhas semanas a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

O documento recolle a información necesaria para planificar unha viaxe, con medios de transporte económicos, datos de aloxamentos e lugares de interese ou carnés con posibles descontos. E tamén repasa diversa información útil para atopar traballo, para conseguir prácticas de estudos ou para acceder a cursos universitarios de verán.

NON O PERDAS

MACACO. PONTEVEDRA.
11 DE AGOSTO. PRAZA DO CONCELLO.



VETIVER. OURENSE.
22 DE SETEMBRO. TORRAL.

NON O PERDAS

VIGO

6 de agosto
Sorën Manzoni
Sala Mondo

7 de agosto
Silvia Superstar DJ
Sala Mondo

0 Marisquiño 2015
7 de agosto
**Arce Perroviejo, Nahno Se-
lektah e Mcs**
8 de agosto
**Aphonnic, Cuchillo de fuego
e Evil Empire**
9 de agosto
Les Castizos e Paul Hard
Muelle de Transatlánticos

8 de agosto
Alex Tamburini DJ
Sala Mondo

9 de agosto
The Twin DJs
Sala Mondo

12 de setembro
Clan of Xymox e Minim
A Fábrica de Chocolate

27 de novembro
Rayden
Masterclub

12 de decembro
Somas Cure
A Fábrica de Chocolate

PONTEVEDRA
3 de agosto
Nenos no Jazz
Praza dos Irmáns Pazó
Montes

8 de agosto
Warcry
Praza do Concello

9 de agosto
M Clan
Praza de España

10 de agosto
Abraham Mateo
Praza do Concello

11 de agosto
Macaco
Praza do Concello

12 de agosto
Luz Casal
Praza do Concello

13 de agosto
Los Panchos
Praza da Ferrería

14 de agosto
Sés e Os Cempés

Praza do Concello

16 de agosto
Carlos Jean
Praza do Concello

17 de agosto
Rodrigo Romani
Praza da Ferrería

23 de agosto
Festa do Demo
Por toda a cidade

11 de setembro
Pablo Alborán
Contorna do Pazo da Cultura

18 de setembro
David Guapo
Que no nos frunjan la fiesta
Auditorio AFundación

25 de setembro
En verdad os digo, de **Goyo
Jiménez**
Pazo da Cultura

OURENSE
19 de setembro
Live for Madness Metal Fest
Campo da Feira

22 de setembro
Vetiver
Café Pop Torgal

26 de setembro
Juan Wauters
Café Pop Torgal

27 de setembro
En verdad os digo, de **Goyo
Jiménez**
Auditorio Municipal

30 de outubro
Black Bottle Riot
Café Cultural Auriense

30 de outubro
Denison Witmer
Café Pop Torgal

BOIMORTO
Festival da Luz
12 e 13 de setembro

Día 12
**Burning, María del Mar Bo-
net, Manos de Topo, El Dro-
gas Rhytm & Blues Band,
Delorean, Riff Raff, Emilio
Rua**
Andabao

Día 13
**Juan Perro Son 7, Anni B
Sweet, Miguel Poveda, Ela-
dio y los Seres Queridos,
Amancio Prada e Óscar Ibá-
ñez**
Andabao

A CORUÑA

6 a 9 de agosto
**Pedro Ruíz: 'Uno pequeño y
libre'**
Teatro Colón

8 de agosto
Alejandro Sanz
Coliseum

12 de agosto
Lois
Fundación Luís Seoane

18 a 22 de agosto
Enfrentados
Teatro Colón

26 de agosto
Maná
Coliseum

4 e 5 de setembro
50 sombras! El musical
Teatro Colón

12 de setembro
Noites de Retranca
Teatro Colón

17 de setembro
Joan Manuel Serrat
Coliseum

18 de setembro
Atlántica, de Ballet Norte

MANÁ. A CORUÑA.
26 DE AGOSTO. COLISEUM.



PARACETAMOL. SANTIAGO.
22 DE AGOSTO. CIDADE DA CULTURA.



Teatro Colón

10 de outubro
Nudozurdo
Mardi Gras

17 de outubro
Nach
Praia Club

31 de outubro
Slayer, Anthrax e Kvelertak
Coliseum

28 de novembro
Scorpion Child e Crobot
A Casa Tomada

BURELA
4 e 5 de setembro
Osa do Mar 2015
Praia da Marosa

RIBADAVIA
5 de setembro
Festival Arteficial 2015
Ainara LeGardon, Puma Pumku, Betunizer, Jupiter Lion

SANTIAGO
1 de agosto

Is Tropical
Cidade da Cultura

6 de agosto
La Habitación Roja
Cidade da Cultura

7 de agosto
Orquestra de Cámara Galega
Cidade da Cultura

8 de agosto
Yacine & The Oriental Grove
Cidade da Cultura

11 de agosto
Lois
O Afiador

13 de agosto
Trépat
Cidade da Cultura

14 de agosto
Za!
Cidade da Cultura

19 de agosto
Nuria Graham
Hotel Costa Vella

20 de agosto
Lorena Álvarez y su banda municipal
Cidade da Cultura

27 de agosto
Palito
Cidade da Cultura

28 de agosto
Paracetamol
Cidade da Cultura

29 de agosto
The Excitements
Cidade da Cultura

19 de setembro
King of the North
Sala Sónar

9 de outubro
The Quireboys
Sala Capitol

16 de outubro
Ben Poole
Sala Capitol

LUGO
28 de agosto
Cabaret '¿Hacemos un trío'

Auditorio Municipal Gustavo Freire

11 de setembro
Raúl Rodríguez
Clavicémbalo

21 a 27 de setembro
XXXVII Semana Internacional do Cine de Autor
Varias salas

CANGAS
1 de agosto
Kanekas Metal Fest 2015
Concello

FOZ
1 de agosto
Hellfoz 2015. Ángelus Apátrida, Azrael, Exodia, Barbarian Prophecies, Drakum
Dársena do porto

14 de agosto
Festival Tentacle Summer
Recinto do festival

MUROS
7 de agosto
Soziedad Alkoholika, El Dro-gas, Heredeiros da Crus,

Boikot, Arrhitmya, Skandalo GZ, Biribirlocke
Praia do Castelo

FISTERRA
14 de agosto
Rueda Fortuna.
Boulevard Lounge

LAZA
21 de agosto
LongoDub Festival
Campo de fútbol

FERROL
28 de setembro
Imperial State Electric e The Lizzies
Sala Super 8

9 de outubro
Nudozurdo
Sala Super 8

O GROVE
3 e 4 de agosto
Iván Ferreiro
Náutico de San Vicente

19 e 20 de agosto
Andrés Suárez
Náutico de San Vicente



Xuventude Novas - Nº 63 - Xullo 2015
© Xunta de Galicia. 2015. Xuventude Novas



Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución. Compartir Igual 3.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, faga clic [aquí](#).

REDACCIÓN E MAQUETACIÓN: Nós Comunicación
infoxove@noscomunicacion.com

EDITA: Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
San Lázaro, s/n - 15781 - Santiago

Para ver esta publicación, faga clic [aquí](#).

CONTACTA CON XUVENTUDE.NOVAS
infoxove@xunta.es

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
San Lázaro s/n - 15781
Santiago de Compostela



XUNTA DE GALICIA